XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Galicia Skills 2016

Galicia Skills 2016

IV CAMPIONATO GALEGO DA FORMACIÓN PROFESIONAL

Mecatrónica

Convoca:

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

galicia
UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE

Introdución e obxectivos

A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, da Xunta de Galicia, organiza o IV Campionato Galego de Formación Profesional na especialidade de " Mecatrónica".

Esta categoría ou especialidade no seu desempeño profesional combina os seus coñecementos e habilidades en mecánica, pneumática, sistemas de control electrónico, programación, robótica e desenvolvemento de sistemas, para montar, programar, poñer en marcha, manter e optimizar sistemas mecatrónicos presentes en todas as áreas dos sistemas de produción.

Esta competición ten como obxectivos:

- Pór en valor a calidade e o atractivo das ensinanzas de formación profesional que se imparten nos centros da nosa comunidade autónoma.
- Motivar o alumnado para a mellora da calidade da FP.
- Recoñecer e estimular o labor do profesorado.
- Potenciar as relacións dos centros nos que se imparten estas ensinanzas coas empresas deste sector.
- Seleccionar a persoa que represente a Galicia no skills de "Mecatrónica" na Olimpíada de Formación Profesional SpainSkills 2017.

Os ciclos formativos relacionados con esta competición son:

- CS Mecatrónica Industrial.
- CS Automatización e Robótica Industrial.

Requisitos de participación

- Cada centro presentará un equipo de dúas persoas, que deberán ir na compaña dun profesor ou unha profesora que se comprometa a exercer o papel de titor ou titora.
- **As persoas competidoras deberán ter unha idade máxima de 24 anos o 31 de decembro de 2016.**
- Deberase ademais estar matriculado/a nun ciclo formativo no curso 2016-2017.
- Durante a competición realizaranse reportaxes fotográficas que se utilizarán para a difusión dos campionatos de formación profesional. As persoas participantes autorizan a utilización destas fotos e destes vídeos para tal fin.

Inscrición

A inscrición realizaraa o centro educativo, cubrindo a solicitude de inscrición e remitíndoa ao enderezo de correo electrónico sxfp@edu.xunta.es. Esta solicitude atópase na páxina web de www.edu.xunta.es/fp/galiciaskills, onde pode consultarse toda a información sobre o campionato.

O prazo de inscrición finaliza o día 31 de maio.

Lugar e data de celebración das probas

O lugar e o día de celebración da competición comunicarase a través da páxina web www.edu.xunta.es/fp/galiciaskills. Todas as competicións desenvolveranse no mes de outubro.

Contidos das probas

Están relacionadas coa práctica laboral deste profesional, que consiste na instalación, programación, posta en marcha, mantemento e optimización de liñas de produción automatizada.

Os competidores terán que realizar:

- Proba de montaxe: consiste no montaxe de estacións de traballo a partir da documentación que se entrega aos competidores.
- Proba de funcionamento: consiste en probar o funcionamento da estación montada anteriormente, seguindo as especificacións entregadas.

Materiais e ferramentas para achegar polas persoas participantes

Definiranse cando se especifique a proba.

Xurado

Será o responsable da avaliación das persoas participantes e a súa decisión será inapelable.
Estará constituído por don Miguel Ángel López Prieto, experto do skill de " Mecatrónica" de Galicia, que será o presidente do xurado, ademais do profesorado da especialidade e representantes das empresas patrocinadoras, de ser o caso.
Se algún membro do xurado é profesor ou profesora no centro onde curse os seus estudos algunha persoa participante, absterase de avaliala.

Premios

- A persoa competidora con maior puntuación obterá a medalla de ouro no skill de "Mecatrónica" e representará a Comunidade Autónoma de Galicia na Olimpíada SpainSkills 2017.
- Quen obteña a seguinte mellor puntuación en cada skill obterá a medalla de prata nesa especialidade e será suplente para representar a Galicia na Olimpíada SpainSkills 2017.
- Os premios faranse públicos nun acto conxunto de entrega de premios e diplomas.
- Se o considera oportuno o xurado, algún premio pode quedar deserto.
- Todas as persoas competidoras recibirán un diploma que certifique a súa participación en GaliciaSkills 2016.